La Voz de Galicia MARTES 12 MARZO 2019 • ANO VI - Nº 187 • Correo - liderlugo@lavoz.es

1. Líder BASKET




maristas 59 | 58

# IMPARABLES

**Con 41 puntos Julián dirixiu o recital de Maristas**. Nin as ausencias, nin as catro derrotas coas que despediron a primeira fase, nin un Marín líder e que non perdera ningún encontro nos dous últimos anos frearon aos de Rubén Engroba no Anexo

LIGA GALEGA MINIBASKET

## Sarria entra no corte dos catro primeiros

**Os de Xabi López-Acevedo clasificáronse trala vitoria de Estudiantes en Ferrol ante BBCA e seguen na loita polo título Galego**

2ª INFANTIL MASCULINA

## O Sagrado deu un golpe de autoridade



**CELTAS FOZ 55 – 56 S. CORAZÓN**

LIGA GALEGA JÚNIOR

## Estudiantes recibirá a Obradoiro no Anexo



**O título de Liga e o Campionato de España, en xogo o próximo domingo a partir das 17:00 horas**

REPORTAXE

A Deputación de Lugo promove o deporte base na Mariña lucense da man do CB Burela, que conta con 11 equipos de categorías inferiores



# Conta atrás activada para o partidazo da tempada no Anexo

**ESTUDIANTES RECIBIRÁ A PELETEIRO,** en principio o próximo domingo a partir das 17:00 horas, co título galego e co pasaporte para o Campionato de España en xogo

| B. FERROL 84 | Pts. | ESTUDIANTES 96 | P. |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | P. |
| Otero | | Janusevicius | 27 |
| Peña | | Mark | 13 |
| Rey | | Iago | 28 |
| Marino | | Lucas | 17 |
| Varela | | Trabado | 2 |
| Peña | | Diego | 3 |
| Pernas | | Jorge | 6 |
| Valiño | | Alberto | |
| Aguirre | | Cabe | |
| Castro | | | |
| Rodríguez | | | |

A conta atrás para Estudiantes e Peleteiro xa esta activada. Seis días por diante para preparar da mellor forma posible o partidazo da tempada na Liga Galega júnior masculina no que se medirán os dous mellores equipos da competición.

En xogo, ademais do título de Liga, estará o pase directo para o Campionato de España. Estudiantes contará co factor pista coa súa arma principal, mentres que Peleteiro chega a Lugo con 7 puntos de vantaxe tralo 89-82 do partido de ida en Santiago.

Nos seis días que quedan por diante a premisa dos lucenses é mellorar as súas prestacións defensivas respecto ao último encontro, no que se impuxeron ao terceiro clasificado en Ferrol, 84-96, tirando de calidade e potencial ofensivo, que nesta ocasión serviu para minimizar as lagoas defensivas. Marcos López non puido contar con Luis, lesionado, e que de chegar á cita do próximo domingo farao sobre a bucina.

O test para chegar con vida á próxima xornada foi en grao sumo esixente. O partido ante Basket Ferrol foi moi duro ante un rival moi forte fisicamente na pintura, co engadido de que Cabe se cargou moi pronto de faltas, e que suscitou unha presión a toda pista.

O acerto en ataque, especialmente no tiro exterior con Janusevicius e Iago desquiciando aos ferroláns propiciou vantaxes amplas por momentos, pero tralo 21-26 do primeiro cuarto e o 15-26 do segundo todo quedou por decidir na segunda parte.

Ferrol apurou as súas opcións tralo descanso, explotando o xogo interior ante un Estudiantes que se mantivo vivo pese a cargarse de faltas cun parcial avultado de 27-26, chegando aos últimos dez minutos con máis 11 no marcador, unha renda suficiente para sumar a vitoria e empezar a pensar xa na cita da próxima xornada ante Peleteiro.

> “Tenemos que mejorar en defensa para afrontar partidos importantes con más garantías”
>
> MARCOS LÓPEZ Estudiantes Lugo

**-7**

**AVERAGE PARTICULAR**
Estudiantes, para alzarse co liderado da Liga Galega júnior masculina necesita impoñerse a Peleteiro por máis de sete puntos tralo 89-82 do partido de ida en Santiago

**1**

**DUDA EN ESTUDIANTES**
Luis, baixa nos últimos encontros, apurará as súas opcións para chegar ao próximo partido, que salvo modificación se disputará o domingo a partir das 17:00 horas



Diego a piques de lanzar a canastra baixo o aro

## Estudiantes afina a posta a punto

**SERÁN CABEZA DE SERIE** nos play off que se xogarán en Lugo

| PONTEVEDRA 36 | Pts. | ESTUDIANTES 81 | Pts. |
|---|---|---|---|
| Xogadora | Pts. | Xogadora | Pts. |
| Regueira | | Ana | |
| Pimentel | | Zeltia | |
| García | | Eva | |
| Caneda | | María | |
| Fontán | | Adriana | |
| Iglesias | | Alba | |
| Fernández | | Sabela | |
| Brea | | Yashina | |
| Jiménez | | Candela | |
| Filgueira | | Alexia | |
| López | | | |


María Corredoira nun partido xogado no Anexo

Estudiantes segue con paso firme na Liga Galega júnior feminina, competición na que teñen asegurada a segunda praza que lles permite ser cabeza de serie e anfitrionas nos play off nos que estará en xogo unha praza no Campionato de España. O primeiro posto, salvo milagre, será para o intratable e invicto Celta de Vigo, que a próxima xornada xa se pode proclamar campión.

O conxunto de Fernán Varela desprazouse a Pontevedra e disputou un partido moi serio, cunha liña de xogo regular coa que foron rompendo o marcador ao seu favor ata o 22-39 co que terminou a primeira parte.

A partir de aí, as celestes empezaron a afinar a súa posta a punto de cara ao desenlace de final de tempada, ao que intentarán chegar no mellor estado de forma posible con adestramentos de calidade e aproveitando as dúas últimas xornadas de Liga para chegar aos play off coas mellores sensacións posibles.

> “Vamos a intentar seguir así y dar un pasito más para llegar de la mejor forma posible a la fase final”
>
> FERNÁN VARELA Estudiantes Lugo

**2**

**XORNADAS** restan por disputar na Liga Galega júnior feminina a Estudiantes. Xxa co segundo posto asegurado, mediranse a Rosalía na próxima xornada, potencial rival nas semifinais dos play off. O penúltimo encontro de Liga xa o teñen disputado polo que o último será ante Peleteiro, outro equipo que se pode cruzar coas celestes na fase final

## O Ensino aséntase no podio

**A FALTA DE TRES XORNADAS** tan só Peleteiro pode inquietar

| M. CORUÑA 65 | Pts. | ENSINO 82 | Pts. |
|---|---|---|---|
| Xogadora | Pts. | Xogadora | Pts. |
| Galán | | Marina | 13 |
| Couto | | Natalia M. | 6 |
| Fernández | | Carmen | 15 |
| Couce | | Leboreiro | 6 |
| García | | Maite | 11 |
| Catoira | | Natalia G. | 13 |
| López | | Uxía | |
| Crro | | Nuria | 14 |
| Rodríguez | | Tania | 2 |
| Galias | | | |

A falta de tres xornadas para o final da Liga regular da Liga Galega júnior feminina, o Durán Maquinaria Ensino está onde quería estar. No podio da clasificación, un posto co que evitaría a Estudiantes ata unha hipotética final nos play off. O terceiro chanzo póñeno en risco Peleteiro, ao que as de Miguel López visitan na última xornada, pero as compostelás tamén teñen que xogar contra Estudiantes, algo que tamén ten que facer Rosalía.

As contas van por bo camiño pero queda un mundo. O último escollo superárono na Coruña ante Maristas nun partido que empezou con moitísimo acerto en ataque, 26-21. O Ensino atopouse máis cómodo en transición que en ataque estático e conseguiu chegar ao descanso con vantaxe, 43-44.

Ao comezo da segunda parte a defensa lucense deu un paso á fronte, secando os focos de anotación das herculinas e cun bo baloncesto puxeron terra polo medio no marcador cun terceiro parcial de 8-21, mentres que no último cuarto o cansazo en ambos equipos fixo acto de presenza e o Ensino non tivo complicacións para alzarse cunha nova vitoria.


Natalia Martínez encarando con decisión o aro rival

> “Ha sido un partido trabajado, duro, muy físico y de los que sales con la sensación de haber mejorado”
>
> MIGUEL LÓPEZ Durán Maquinaria Ensino

# Estudiantes rematou asfixiado

## AS DE SISE PEINÓ dominaron de saída, pero cederon no tempo extra no Anexo


Yashina busca un bo pase de costas a unha rival

| 58 ESTUDIANTES Xogadora | Pts. | 63 C. MARIANO Xogadora | Pts. |
|---|---|---|---|
| Candela | | García | |
| Yashina | 10 | Castro | |
| Enma | 9 | Rodríguez | |
| Marta F. | | Moreiras | |
| Claudia | 22 | Estevez | |
| Cristina | | Román | |
| Alejandra | | Santas | |
| Laura | 15 | Andrés | |
| Carla | 2 | Vigo | |
| Marta R. | | | |

**+12**

**ÚLTIMO CUARTO** para Estudiantes, que encaixou un parcial de 9-21 nos últimos dez minutos e Mariano culminou a remontada na prórroga cun 4-9 nos cinco últmos de xogo no partido disputado no Anexo


A celeste Enma trata de superar a presión rival

**"Partido muy físico en el que nos faltó un poco de tranquilidad en el último cuarto y en la prórroga"** SISE PEINÓ Estudiantes Lugo


Laura baixo o aro a piques de lanzar a canastra

Estudiantes chegou fundido ao tramo final do encontro que lle mediu con Mariano Franciscanas no primeiro encontro da segunda fase.

A brillante posta en escena das lucenses, 21-6 no primeiro cuarto, convidaba a pensar nun partido cómodo, pero xa no segundo parcial o conxunto vigués demostrou que venderia cara a derrota ao recortar distancias cun segundo de 10-16, para chegar ao descanso con 31-22.

Estudiantes recuperou forzas e sensacións no intermedio, defendeu con solvencia e atacou con criterio, pero con baixas porcentaxes de acerto a pesar de impoñerse 14-11.

Ao últimos dez minutos chegouse con máis 12 para Estudiantes, pero a presión rival a toda pista colapsou ás celestes. Aínda así puideron sentenciar o partido co penúltimo lanzamento que non entrou, mentres que Mariano anotou a última posesión e levou o partido á prórroga tras un parcial de 9-21. No tempo extra Estudiantes non puido reaccionar.


Sise Peinó dando instruccións ás súas xogadoras

# A segunda parte marca o camiño

## A POSTA EN ESCENA dilapidou as opcións do Ensino en Vigo

| 67 CELTA Xogadora | Pts. | 51 ENSINO Xogadora | Pts. |
|---|---|---|---|
| Yáñez | | Maite | 12 |
| Pérez | | Sabela | |
| Prieto | | Nerea | |
| Vázquez | | Silvia | |
| Castaño | | Nuria | 18 |
| Gil | | Cristina | |
| Felipe | | Natalia | 8 |
| García | | Any | 7 |
| Estévez | | Lucía | 4 |
| Alonso | | Mencía | 2 |
| Padín | | | |
| Mendoza | | | |


Nuria nunha acción de coontraataque ante Maite

**"Regalamos veinte minutos ante un buen equipo"** ADRIÁN GONZÁLEZ Cafés Candelas Ensino

O Ensino plantexara ao longo da semana o partido ante o Celta coa premisa de controlar o balance defensivo e minimizar erros, sobre todo na saída de balón, conscientes de que o Celta suscitaría unha presión alta desde o inicio do encontro. O plan trazado truncouse moi rápido, xa que desde os primeiros minutos o Ensino acumulou moitos erros que propiciaron canastras fáciles do Celta tras roubos de balón.

O 20-6 do primeiro cuarto encheu de dúbidas ás lucenses, que en toda a primeira parte non conseguiron relaxarse nin xogar como equipo. Por momentos quixeron reaccionar, pero con demasiado individualismo, polo que o Celta levou o marcador ata o 40-18 ao descanso tras un segundo parcial de 20-12.

O parón do intermedio veulle ben ao Ensino. As de Adrián González tranquilizáronse e, por momentos, xogaron o baloncesto que saben facer e o que suscitaran nos adestramentos semanales. Xa sen opcións do loitar pola vitoria, pero a boa segunda parte serve para saír de Vigo con mellor sabor de boca.

**+6**

**NA SEGUNDA PARTE**
O Ensino impúxose no global do segundo tempo, pero na primeira metade o Celta sentenciou o partido co 40-18 co que se chegou ao descanso

# Un triunfo con marxe de mellora

## ESTUDIANTES debutou na segunda fase con vitoria nun cara ou cruz final

| 75 PELETEIRO Xogador | Pts. | 77 ESTUDIANTES Xogador | Pts. |
|---|---|---|---|
| Mostaza | | Sergio | 4 |
| Couceiro | | Eloy | 7 |
| Álvarez | | Jorge | 9 |
| Coira | | Iker | 1 |
| Del Río | | Anxo | 8 |
| Longarela | | Álvaro | 14 |
| Prieto | | Olloqui | 20 |
| Blanco | | Dani | 2 |
| Bello | | Durán | |
| Gil | | Pedro | 12 |
| Carou | | Lucas | |
| Padrón | | | |


O celeste Jorge nun partido disputado no Anexo

Estudiantes debutou na segunda fase con vitoria pero con materias pendentes. Especialmente a regularidade defensiva ao longo do encontro, que nesta ocasión non pasou a maiores polo acerto en ataque, pero que pode ser determinante en próximos encontros.

De inicio os dous equipos anotaron con moita facilidade, 15-15 no primeiros cinco minutos que obrigaron a Javi Peinó a solicitar un tempo morto. A partir de aí o equipo aplicouse en defensa e tan só encaixou cinco puntos máis no primeiro parcial, que terminou con 20-27.

**"Aunque hayamos sacado adelante el partido, si no somos más constantes defensivamente lo vamos a pasar mal en esta fase"** JAVI PEINÓ Estudiantes Lugo

Xa no segundo a pasividade defensiva volveu aparecer, con pouca actividade atrás. Estudiantes tamén perdeu o ritmo de xogo en ataque, encaixando un claro e contundente 24-9 que deixou o marcador en 44-36 ao descanso.

Tras o intermedio Estudiantes volveu poñerse o mono de traballo en defensa e con iso apareceu de novo o acerto en ataque, 13-22 para chegar cun punto de vantaxe ao últimos dez minutos, nos que o partido se resolveu nun cara ou cruz. Olloqui forzou unha falta a dous segundos para o final e anotou os dous tiros libres que deron a vitoria.



O celeste Joel coa pelota nun dous para un



Ales subindo unha acción de contraataque



O estudiantil Gabi nun lance do encontro no Anexo

# Exhibición de fondo de armario

**ESTUDIANTES APELOU Á FORZA DO GRUPO** para impoñerse a Novobasket. Os de Ángel Riobóo, moi castigados polas faltas, tiveron que dar un paso á fronte como equipo

| ESTUDIANTES 81 | | NOVOBASKET 75 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | Pts. |
| Miguel | | Héctor | |
| Cristian | | Mauro | |
| Ales | | García | |
| Manu | | Hermida | |
| Gabi | | Andrade | |
| Joel | | Jacobo | |
| Brais | | Ahu | |
| Óscar | | Clavijo | |
| Diego | | Pelayo | |
| Ruano | | Cruz | |
| Fabio | | Currás | |

> “Las 33 faltas en contra permitieron a los 11 jugadores demostrar que todos están listos para competir en los momentos importantes” ÁNGEL RIOBÓO Estudiantes Lugo

Estudiantes debutou na segunda fase ao grande, asinando unha vitoria das que fan equipo ao fraguarse o triunfo na axuda dos once xogadores que participaron.

Novobasket era un vello coñecido tras verse as caras estas dúas xeracións nas semifinais da final four mini fai dúas tempadas, nun partido que tamén gañaron os lucenses.

Dous anos despois reeditábase o enfrontamento directo e Estudiantes volveu gañar. Os de Ángel Riobóo secaron o potencial anotador dos mellores xogadores visitantes,Mauro e Pelayo, con medias próximas aos 20 puntos por partido esta tempada pero que se quedaron en 5 puntos entre os dous na primeira parte.

De saída, Estudiantes tomou o mando no marcador cun parcial de 8-1, pero as faltas persoais, ata 33 ao longo de partido polas que dous xogadores lucenses foron expulsados e outros dous terminaron con catro, empezaron a marcar o rumbo do encontro, 17-16 ao final do primeiro parcial.

A partir de aí os tres parciais restantes foron similares, con Estudiantes sempre por diante no marcador, abrindo oco nos primeiros minutos e Novobasket volvendo meterse no partido.

Ao último cuarto chegouse con máis 10 para Estudiantes, que coa forza do grupo e as rotacións dando un nivel moi alto, conseguiu que Novobasket tan só vise aro desde o tiro libre, anotando os seus últimos sete puntos deste xeito. Os lucenses xogaron con cabeza pese ás faltas sancionadas e alzáronse cunha vitoria de moito mérito.

## Cruel desenlace final en Porriño

**CB BURELA** foi sempre por diante, ata os seis últimos segundos

| PBB 49 | | CB BURELA 48 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | Pts. |
| Vilas | | Diego | 23 |
| Di Carlo | | Marcos | 9 |
| Rodríguez | | Joaquín | |
| Vázquez | | Álvaro F. | |
| Fernández | | Nicolás | |
| Pérez | | Mario | |
| Alonso | | Carlos | 5 |
| Lorenzo | | Álvaro B. | 11 |
| Gómez | | | |
| Cattenazzi | | | |
| Puente | | | |
| Valín | | | |



Diego foi o máximo anotador de CB Burela neste encontro

> “Lo peor de este partido no fue la derrota que encajamos, fue el arbitraje del encuentro” MANOLO COBAS Academia A Mariña Burela

O Academia A Mariña Burela debutou na segunda fase cunha dolorosa derrota que os de Manolo Cobas non mereceron. Principalmente porque foron por diante no marcador ata que, a falta de seis segundos, Porriño tomou o mando nun final de partido polémico polas decisións arbitrais que os mariñaos sufriron ao longo do encontro, pero sobre todo no desenlace final.

Burela presentouse en Porriño con moitas ausencias, con tan só oito xogadores dos que dous son aínda alevíns.

Manolo Cobas intentou que os seus competisen á marxe das decisións que lles penalizaban e foron en todo momento por diante no marcador, 8-12 e 12-15 nos dous primeiros cuartos para chegar ao descanso con 20-27.

Na segunda parte Burela deu un impulso máis e chegou aos últimos dez minutos con máis 10 no marcador. Os mariñaos administraron a renda ata que a falta de seis segundos Porriño se puxo por diante no marcador por primeira vez. Cunha última posesión para Burela Álvaro Ben foi obxecto de falta ata tiralo ao chan, pero os árbitros non sinalaron falta e Porriño quedouse coa vitoria por un só punto tras remontar cun parcial final de 19-8.

## As lesións difuminan a Estudiantes

**SARA GONZÁLEZ PERDERASE O RESTO DA TEMPADA**

| ESTUDIANTES 53 | | ALLARIZ 74 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | Pts. | Xogadora | Pts. |
| Candela | | Mejide | |
| Celia | | Espeso | |
| Iria | | Cid | |
| L. Martín | | Mascarel | |
| Nerea | | Garrido | |
| Naiara | | González | |
| María | | Vidal | |
| Lucía | | Del Valle | |
| L. Mesa | | | |
| Carolina | | | |
| Sara | | | |
| Marta | | | |

> “Las lesiones de Sara y Marta y la falta de actitud para competir nos llevaron a este resultado final” JULIA PENA Estudiantes Lugo



María na pintura entre dúas xogadoras rivais

Estudiantes sufriu unha semana horrible para os seus intereses. O peor, sen dúbida, a lesión de Sara González no xeonllo, polo que se perderá o resto da tempada. Ademais Marta tamén sufriu unha fisura no dedo que está aínda pendente de diagnóstico.

Con todo iso o debut na segunda fase non foi o desexado. Allariz presentouse no Anexo moito máis metido no encontro e con moitísimo acerto desde o exterior, anotando ata 9 triplos.. Tan só no primeiro cuarto, 19-20, Estudiantes acercouse á súa mellor versión. Nos tres últimos, estivo a mercé do seu rival.



Iria Menor nunha acción de ataque estudiantil

# Maristas noqueou a un coloso no Anexo

**MARÍN, LÍDER DO GALEGO PREINFANTIL,** perdeu o seu primeiro encontro da tempada nun recital no que Julián dirixiu aos colexiais



O colexial Mauro recibe o balón preto da pintura

Show de Maristas non Anexo ante Marín. Un equipo que se presentou en Lugo co cartel de líder do Galego preinfantil e sen perder ningún encontro nos dous últimos anos. Con todo, os colexiais volveron demostrar que canto peor pintan as cousas sacan o mellor de si mesmos.

Maristas debutaba por primeira vez nunha Galego preinfantil, faciao tras encadear catro derrotas consecutivas na primeira fase, sen Samuel Viño nin Samuel Nigorra nin Gabi Fraga, lesionados. Con dous minis de primeiro ano, Carlos e Néstor e todo iso para medirse cun coloso como é Marín, máximo favorito ao título de Liga.

Calquera equipo perdería tempo e enerxía en lamentarse, pero Maristas, da man dun Julián imparable, volveu dar a badalada.

No primeiro cuarto o intercambio de golpes foi unha constante, 18-18. Mentres que no segundo, con Julián mancado no banco, os minis sairon ao rescate para manter vivo a un Maristas que, como é lóxico, sufría en ambas as pinturas. A pesar diso, os de Rubén Engroba aferráronse ao partido cun parcial de 14-12 para chegar ao descanso 32-30.



O plantel de Maristas posando ao remate do encontro

| MARISTAS 59 | | MARÍN 58 |
|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador |
| Mauro | | Suárez |
| Néstor | 9 | Santamaria |
| David | 1 | Malvar |
| Gabriel | 4 | Castro |
| Alexis | | Omil |
| Jorge | | Pazos |
| Julián | 41 | Fernández |
| Carlos | 4 | Villar |
| | | Pons |
| | | Casal |
| | | Tomé |

> "Tras 4 derrotas seguidas, somos capaces de ganar al líder, que llegaba invicto" RUBÉN ENGROGA Maristas Lugo

Ao comezo da segunda parte Maristas deu un recital en defensa e en ataque levou a tolemia ás bancadas con 4 triplos, un deles desde case medio campo para pechar o terceiro parcial con 19-11. Chegando ao últimos dez minutos con máis 9.

O último parcial foi espectacular. Maristas baleirouse en defensa e en ataque custáballe lanzar e penetrar, polo que todo se decidiu nos últimos instantes.

Con catro arriba Maristas forzou unha falta pero fallou os dous tiros. No seguinte ataque Marín, con triplo, púxose a un. Tras un tempo morto de Engroba, Maristas sacou en campo contrario a 5 segundos do final pero non puido poñer o balón en xogo. Si o fixo Marín, pero Carlos roubou o balón e non deu opción a que os visitantes lanzasen a canastra.



Gabriel a piques de superar a presión dun rival



O alevín Carlos coa pelota nun dous para un

# Estudiantes mantén a boa dinámica

**DEBUT NA SEGUNDA FASE** cunha nova vitoria, e xa van 10 seguidas



Leo correndo un contraataque



Rozas supera a un rival pegado á banda

| ESTUDIANTES 73 | | NOVOBASKET 66 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | Pts. |
| Brais | 19 | Hermida | |
| Dani | 4 | De Paz | |
| Leo | 2 | Cainzos | |
| Bernal | | Cruzado | |
| Rozas | | Cruz | |
| Serguei | 27 | Loureiro | |
| Antón | 2 | Andrade | |
| Mario | | Arce | |
| Isma | 3 | Alvarez | |
| Mateo | | Benito | |
| Pablo | 8 | Mumary | |
| Santi | 8 | Soneira | |

> "Demostramos que también sabemos ganar partidos sufriendo" NICO FERNÁNDEZ Estudiantes Lugo

Décima victoria consecutiva para un Estudiantes que segue buscando o seu teito. Os de Nico Fernández despediron a primeira fase con 9 triunfos consecutivos e debutaron no Galego preinfantil cunha nova vitoria nun partido moi complicado ante Novobasket.

Os celestes tiveron que remar contracorrente tras un parcial inicial de 0-7, pero a reacción local non se fixo esperar e pecharon o primeiro cuarto por diante no marcador, 27-18.

No segundo a defensa de Estudiantes estivo a un gran nivel, deixando aos visitantes en tan só 9 puntos para chegar ao descanso con 43-27 no electrónico.

Na segunda parte Novobasket apurou as súas opcións, cunha efectiva presión a toda pista e aproveitando a carga de faltas persoais de Estudiantes recortou distancias, 15-21, mentres que nos últimos dez minutos os celestes aguantaron o tipo ante a insistencia visitante por remontar un partido que non se lles escapou.

# Primeira vitoria adicada a Sara

**ESTUDIANTES,** cun alto ritmo de xogo, impúxose a Seis do Nadal

| ESTUDIANTES 61 | SEIS DO NADAL 42 |
|---|---|
| Xogadora | Xogadora |
| Laura | Fernández N. |
| María A. | Fernández I. |
| Ana | Fernández L. |
| María C. | Oya |
| Paula | Martinez |
| Aroa | Garcia |
| Sara | Howell |
| Paula | Rúa |
| Lucía | Taboada |
| Daniela | Alves |
| | Varela |

> "Quiero felicitar al equipo. Han sabido reponerse tras una semana muy difícil. Sara, eres una campeona y estamos seguras de que este duro bache te hará aún más fuerte. Mucho Ánimo" GEMMA SOUTO Estudiantes Lugo

Estudiantes consolou as pena pola grave lesión de Sara como mellor saben facer as de Gemma Souto, disputando un bo partido para dedicarlle a primeira de moitas vitorias que chegarán á súa compañeira.

A presión defensiva e o alto ritmo que impuxeron as celestes desde o inicio desnivelou ao seu favor o marcador, 20-11 no primeiro parcial, mentres que o segundo foi máis trabado, 10-8 para chegar ao descanso 30-19.

Na segunda parte a intensidade defensiva propiciou algún problema de carga de faltas, pero as rotacións de Estudiantes estiveron a un gran nivel para sentenciar o encontro.



A celeste María Castro correndo cara a canastra



Sara Pedreira lanzando baixo o aro no Anexo

# CLASIFICACIÓNS » Primeira e Segunda División

## JÚNIOR 1º DIV. MASCULINA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Bosco – Obradoiro | 53-90 |
| C. Ourense – Rosalia | 75-73 |
| PBB A – Seis Nadal | 77-84 |
| Sigaltec – Tui | 57-86 |
| B. Ferrol – Estudiantes | 84-96 |
| B. Coruña – Blanco Amor | 84-78 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBRADOIRO | 19 | 19 | 0 | 0 | 1560 | 982 |
| **ESTUDIANTES** | **19** | **18** | **1** | **0** | **1754** | **1198** |
| ROSALÍA | 19 | 12 | 7 | 0 | 1441 | 1331 |
| BASKET FERROL | 19 | 11 | 8 | 0 | 1341 | 1255 |
| TUI SETA | 19 | 11 | 8 | 0 | 1376 | 1318 |
| SIGALTEC | 19 | 10 | 9 | 0 | 1192 | 1298 |
| CLUB OURENSE | 19 | 9 | 10 | 0 | 1205 | 1292 |
| BOSCO | 19 | 7 | 12 | 0 | 1188 | 1179 |
| PBB A | 19 | 7 | 12 | 0 | 1121 | 1329 |
| SEIS DO NADAL | 19 | 5 | 14 | 0 | 1106 | 1406 |
| B. CORUÑA | 19 | 3 | 16 | 0 | 1129 | 1495 |
| BLANCO AMOR | 19 | 2 | 17 | 0 | 1119 | 1449 |

### PRÓXIMA XORNADA

Rosalia - B. Ferrol | Tui - PBB A
C. Ourense - Blanco Amor | Estudiantes - Obradoiro
Sigaltec - Bosco

## JUNIOR 2º DIV. MASC. G-I

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Esclavas – Artai | 22-103 |
| H. Ferreiro – B. Coruña | 35-66 |
| Ribadeo – Culleredo | 33-105 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CARBALLO | 6 | 6 | 0 | 0 | 438 | 209 |
| BASQUET CORUÑA | 6 | 5 | 1 | 0 | 404 | 328 |
| KFC CULLE | 6 | 3 | 3 | 0 | 419 | 275 |
| **HIERROS FERREIRO** | **6** | **3** | **3** | **0** | **284** | **371** |
| **RIA DE RIBADEO** | **6** | **1** | **5** | **0** | **245** | **435** |
| ESCLAVAS | 6 | 0 | 6 | 0 | 272 | 444 |

### PRÓXIMA XORNADA

H. Ferreiro - Artai | Ribadeo - B. Coruña
Esclavas - Culleredo

## JUNIOR 2º DIV. MASC. G-II

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Baxi Ferrol – Betanzos | 62-79 |
| Estudiantes – Narón | 85-41 |
| CB Viveiro – Cambre | 46-60 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ESTUDIANTES** | **6** | **5** | **1** | **0** | **428** | **317** |
| BETANZOS | 6 | 4 | 2 | 0 | 399 | 381 |
| BALONCESTO NARON | 6 | 3 | 3 | 0 | 344 | 396 |
| CAMBRE | 6 | 2 | 4 | 0 | 373 | 409 |
| BAXI FERROL | 6 | 2 | 4 | 0 | 389 | 385 |
| **C. B. VIVEIRO** | **6** | **2** | **4** | **0** | **318** | **363** |

### PRÓXIMA XORNADA

Estudiantes - Betanzos | CB Viveiro - Narón
Baxi Ferrol - Cambre

## JUNIOR 2º DIV. MASC. G-III

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Los Rosales – Burela | 78-50 |
| Mª del Mar – La Paz | 61-50 |
| BBCA – Maristas | Apr. |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| LOS ROSALES | 3 | 3 | 0 | 0 | 244 | 151 |
| MARISTAS CORUÑA | 3 | 3 | 0 | 0 | 190 | 162 |
| SANTA Mª DEL MAR | 3 | 2 | 1 | 0 | 182 | 141 |
| LICEO LA PAZ | 4 | 1 | 3 | 0 | 262 | 245 |
| CB ARTEIXO | 3 | 1 | 2 | 0 | 146 | 165 |
| **BURELA JUV MASC** | **2** | **1** | **1** | **0** | **147** | **122** |
| BBCA CARIÑO | 2 | 0 | 2 | 0 | 82 | 171 |
| BÁSQUET CORUÑA | 2 | 0 | 2 | 0 | 91 | 187 |

### PRÓXIMA XORNADA

La Paz - Burela | Mª del Mar - BBCA
B. Coruña - Arteixo




## CADETE 1º DIV. MASC. A-1

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Seis Nadal – Culleredo | 68-65 |
| Novobasket – Rosalia | 85-79 |
| Peleteiro – Estudiantes | 75-77 |
| Tui – Obradoiro | 55-79 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| C.B. TUI MASCATO | 7 | 6 | 1 | 0 | 526 | 475 |
| **ESTUDIANTES** | **8** | **5** | **3** | **0** | **649** | **626** |
| OBRADOIRO | 7 | 5 | 2 | 0 | 505 | 444 |
| NOVOBASKET | 8 | 4 | 4 | 0 | 571 | 584 |
| ROSALIA CASTRO | 7 | 4 | 3 | 0 | 548 | 495 |
| PELETEIRO | 7 | 3 | 4 | 0 | 515 | 534 |
| SEIS DO NADAL | 7 | 1 | 6 | 0 | 429 | 471 |
| KFC CULLE | 7 | 1 | 6 | 0 | 406 | 520 |

### PRÓXIMA XORNADA

Obradoiro - Seis Nadal | Estudiantes - CB Tui
Culleredo - Novobasket | Rosalía - Peleteiro

## PREINFANTIL MASC. A-1

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Maristas – Marin | 59-58 |
| Estudiantes – Novobasket | 73-66 |
| Narón – PBB B | 76-47 |
| Culleredo – CB Tui | Apr. |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| MARIN | 7 | 6 | 1 | 0 | 443 | 373 |
| **MARISTAS LUGO** | **7** | **5** | **2** | **0** | **424** | **449** |
| **NARON** | **7** | **4** | **3** | **0** | **421** | **354** |
| ESTUDIANTES | 7 | 4 | 3 | 0 | 432 | 394 |
| NOVOBASKET | 7 | 3 | 4 | 0 | 462 | 412 |
| PBB "B" | 7 | 2 | 5 | 0 | 401 | 443 |
| KFC CULLE | 6 | 2 | 4 | 0 | 342 | 385 |
| C.B. TUI | 6 | 1 | 5 | 0 | 350 | 465 |

### PRÓXIMA XORNADA

PBB B - Maristas Lugo | Novobasket - Narón
CB Tui - Estudiantes | Marín - Culleredo

## MINIBASKET 2ª MASCULINO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Est. Azul – M. Auxiliadora | 50-35 |
| Celtas – Franciscanos | 72-18 |
| CB Sarria – Cidade Lugo | 31-52 |
| Ribadeo – Galén Ensino | 30-80 |
| Est. Rojo – CB Viveiro | Apr. |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CB CELTAS | 11 | 11 | 0 | 0 | 769 | 208 |
| CIDADE DE LUGO | 11 | 10 | 1 | 0 | 545 | 292 |
| EST. AZUL | 11 | 8 | 3 | 0 | 554 | 426 |
| CRISTO C. B. SARRIA | 11 | 5 | 6 | 0 | 448 | 485 |
| MARÍA AUXILIADORA | 11 | 5 | 6 | 0 | 480 | 447 |
| CB VIVEIRO | 10 | 6 | 4 | 0 | 522 | 360 |
| GALEN ENSINO | 11 | 5 | 6 | 0 | 537 | 472 |
| ESTUDIANTES ROJO | 10 | 3 | 7 | 0 | 331 | 527 |
| FRANCISCANOS | 11 | 1 | 10 | 0 | 209 | 649 |
| CB RIA DE RIBADEO | 11 | 0 | 11 | 0 | 141 | 670 |

### PRÓXIMA XORNADA

Cidade - Est. Azul | Ribadeo - CB Sarria
M. Auxiliadora - Est. Rojo | CB Celtas - Galén Ensino
CB Viveiro - Franciscanos

## PREMINI 2º MASCULINO G-A

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Est. Rojo – CB Viveiro | 55-3 |
| Burela – Maristas Lugo | 78-28 |
| CB Sarria – Est. Azul | Apr. |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ESTUDIANTES AZUL | 5 | 5 | 0 | 0 | 343 | 119 |
| ESTUDIANTES ROJO | 6 | 4 | 2 | 0 | 327 | 252 |
| C. B. SARRIA | 5 | 4 | 1 | 0 | 265 | 159 |
| BURELA | 6 | 2 | 4 | 0 | 303 | 312 |
| MARISTAS LUGO | 6 | 2 | 4 | 0 | 206 | 343 |
| C. B. VIVEIRO | 6 | 0 | 6 | 0 | 83 | 342 |

### PRÓXIMA XORNADA

Est. Azul - Est. Rojo | CB Viveiro - Burela
Maristas - CB Sarria

## PREMINI 2º MASCULINO G-B

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Cidade – Galén Naranja | 48-20 |
| Est. Blanco – Franciscanos | 58-26 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CIDADE DE LUGO | 6 | 6 | 0 | 0 | 319 | 175 |
| EST. BLANCO | 5 | 2 | 3 | 0 | 220 | 201 |
| GALEN ENSINO | 5 | 2 | 3 | 0 | 198 | 200 |
| FRANCISCANOS | 4 | 2 | 2 | 0 | 129 | 164 |
| GALEN NARANJA | 4 | 0 | 4 | 0 | 77 | 203 |

### PRÓXIMA XORNADA

Galén Naranja - Est. Blanco | Franciscanos - Galén E.

## INFANTIL 1ª DIV. MASC. A-1

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| B. Coruña – Bosco | 62-65 |
| Culleredo – Marín | 71-42 |
| Estudiantes – Novobasket | 81-75 |
| Rosalía – Sigaltec | 84-34 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BOSCO | 7 | 7 | 0 | 0 | 510 | 374 |
| INSTITUTO ROSALÍA | 7 | 6 | 1 | 0 | 515 | 436 |
| KFC CULLE | 7 | 4 | 3 | 0 | 497 | 474 |
| **ESTUDIANTES** | **7** | **4** | **3** | **0** | **526** | **511** |
| MARIN | 7 | 4 | 3 | 0 | 430 | 399 |
| NOVOBASKET | 7 | 2 | 5 | 0 | 443 | 468 |
| BASQUET CORUÑA I | 7 | 1 | 6 | 0 | 459 | 494 |
| SIGALTEC | 7 | 0 | 7 | 0 | 319 | 543 |

### PRÓXIMA XORNADA

Sigaltec - Estudiantes | Bosco - Rosalía
Novobasket - Culleredo | Marín - B. Coruña

## INFANTIL 1ª DIV. MASC. A-2

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| R. Ourense – B. Ferrol | 71-61 |
| B. Amor – Peleteiro | 8-59 |
| Seis Nadal – Maristas | 73-46 |
| PBB A – Burela | 49-48 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PELETEIRO | 7 | 7 | 0 | 0 | 450 | 206 |
| PBB A | 7 | 6 | 1 | 0 | 442 | 377 |
| SEIS DO NADAL | 7 | 5 | 2 | 0 | 480 | 389 |
| RIO OURENSE | 7 | 4 | 3 | 0 | 420 | 413 |
| **BURELA 05 MASC.** | **7** | **3** | **4** | **0** | **408** | **330** |
| BASKET FERROL | 7 | 3 | 4 | 0 | 346 | 433 |
| EDO BLANCO AMOR | 7 | 0 | 7 | 0 | 267 | 443 |
| MARISTAS | 7 | 0 | 7 | 0 | 259 | 481 |

### PRÓXIMA XORNADA

Peleteiro - PBB A | B. Ferrol - B. Amor
Maristas - R. Ourense | Burela - Seis Nadal

## MINI 1º DIV. MASCULINO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Maristas – Narón | 56-86 |
| Ribadeo – B. Ferrol | 28-78 |
| BBCA – Estudiantes | 60-76 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BASKET FERROL | 12 | 12 | 0 | 0 | 882 | 460 |
| BALONCESTO NARÓN | 12 | 10 | 2 | 0 | 1011 | 724 |
| **ESTUDIANTES** | **12** | **8** | **4** | **0** | **844** | **711** |
| **MGR CB SARRIA** | **12** | **5** | **7** | **0** | **847** | **897** |
| BBCA PONZOS | 12 | 5 | 7 | 0 | 816 | 794 |
| **MARISTAS LUGO** | **12** | **2** | **10** | **0** | **563** | **963** |
| **C. B. RIA RIBADEO** | **12** | **0** | **12** | **0** | **520** | **934** |

FINALIZADA A 1ª FASE

## INFANTIL 2º DIV. MASC.

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Candelas Ensino – Est. 06 | 70-19 |
| Elev. Sarria – CB Viveiro | 50-76 |
| Franciscanos – Burela 06 | 42-43 |
| Ribadeo – Est. 05 | 82-42 |
| Celtas – Sagrado | 55-56 |
| MGR Sarria – Cidade | 59-48 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| A. X. SAGRADO | 16 | 15 | 1 | 0 | 1105 | 719 |
| CANDELAS ENSINO | 16 | 14 | 2 | 0 | 1053 | 576 |
| CELTAS | 16 | 13 | 3 | 0 | 1103 | 763 |
| CB RIA RIBADEO | 16 | 11 | 5 | 0 | 1036 | 777 |
| MGR C. B. SARRIA | 16 | 9 | 7 | 0 | 892 | 760 |
| CIDADE DE LUGO | 16 | 9 | 7 | 0 | 860 | 817 |
| BURELA 06 MASC | 16 | 8 | 8 | 0 | 780 | 934 |
| ESTUDIANTES 05 | 16 | 6 | 10 | 0 | 803 | 1017 |
| CB VIVEIRO | 16 | 4 | 12 | 0 | 811 | 956 |
| FRANCISCANOS | 15 | 4 | 11 | 0 | 688 | 882 |
| AG ELEV. SARRIA | 16 | 1 | 15 | 0 | 589 | 1049 |
| ESTUDIANTES 06 | 15 | 1 | 14 | 0 | 490 | 960 |

### PRÓXIMA XORNADA

Estudiantes 06 - Celtas | Sagrado - Est. 05
Cidade - Elev. Sarria | Ribadeo - MGR Sarria
CB Viveiro - Franciscanos | Burela 06 - C. Ensino

## JÚNIOR 1º DIV. FEMININA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| E. Pontevedra – Estudiantes | 36-81 |
| Bosco – Peleteiro | 43-60 |
| PBB A –RC Celta | 51-106 |
| Cortegada – Arxil | 60-38 |
| Maristas – Durán Ensino | 65-82 |
| C. María – Rosalía | Apr. |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. CELTA ZORKA | 19 | 19 | 0 | 0 | 1551 | 687 |
| **ESTUDIANTES** | **18** | **16** | **2** | **0** | **1342** | **831** |
| **DURAN ENSINO** | **19** | **13** | **6** | **0** | **1233** | **1035** |
| PELETEIRO | 19 | 12 | 7 | 0 | 1106 | 952 |
| ROSALIA PIO XII | 18 | 12 | 6 | 0 | 1210 | 1051 |
| CORTEGADA | 19 | 10 | 9 | 0 | 1026 | 1106 |
| BOSCO | 18 | 9 | 9 | 0 | 916 | 1016 |
| COMPAÑIA MARIA | 18 | 7 | 11 | 0 | 976 | 1119 |
| MARISTAS | 19 | 6 | 13 | 0 | 1087 | 1325 |
| ARXIL A | 19 | 5 | 14 | 0 | 819 | 1267 |
| PBB A | 19 | 2 | 17 | 0 | 929 | 1351 |
| EST. PONTEVEDRA | 19 | 1 | 18 | 0 | 807 | 1262 |

### PRÓXIMA XORNADA

Estudiantes - Rosalia | Durán Ensino - Bosco
Cortegada - C. María | RC Celta - Maristas
Arxil - PBB A | Peleteiro - E. Pontevedra

## CADETE 1º DIV. FEM. A-1

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| RC Celta – C. Ensino | 67-51 |
| Allariz – Rosalía | 40-59 |
| Bosco – BBCA | 77-64 |
| Estudiantes – Franciscanas | 58-63 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. CELTA ZORKA | 7 | 7 | 0 | 0 | 554 | 366 |
| ROSALIA PIO XII | 8 | 6 | 2 | 0 | 514 | 408 |
| BOSCO SALESIANOS | 8 | 5 | 3 | 0 | 471 | 502 |
| **ESTUDIANTES** | **8** | **4** | **4** | **0** | **466** | **479** |
| **CANDELAS ENSINO** | **8** | **3** | **5** | **0** | **454** | **443** |
| FRANCISCANAS VIGO | 8 | 3 | 5 | 0 | 459 | 513 |
| BBCA VILAR | 7 | 2 | 5 | 0 | 370 | 459 |
| ALLARIZ OURENSE | 8 | 1 | 7 | 0 | 411 | 529 |

### PRÓXIMA XORNADA

Rosalia - RC Celta | C. Ensino - Bosco
BBCA - Franciscanas | Estudiantes - Allariz

## INFANTIL 2ª DIV. FEMININO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| T. Mariña – Ensino Lugo | 20-70 |
| Cidade – CB Viveiro | 52-37 |
| Estudiantes – CB Sarria | 50-33 |
| Burela 05 – Franciscanos | Apr. |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ENSINO LUGO | 12 | 12 | 0 | 0 | 743 | 211 |
| BURELA 05 FEM | 12 | 10 | 2 | 0 | 636 | 350 |
| ESTUDIANTES | 12 | 8 | 4 | 0 | 630 | 518 |
| STOS. SARRIA | 12 | 7 | 5 | 0 | 550 | 501 |
| FRANCISCANOS | 12 | 6 | 6 | 0 | 458 | 530 |
| CIDADE DE LUGO | 12 | 4 | 8 | 0 | 395 | 549 |
| CB VIVEIRO | 13 | 3 | 10 | 0 | 401 | 666 |
| GALEN ENSINO | 12 | 3 | 9 | 0 | 322 | 559 |
| TERRAS MARIÑA | 13 | 2 | 11 | 0 | 462 | 713 |

### PRÓXIMA XORNADA

CB Viveiro - Burela 05 | Stos. Sarria - Ensino
Estudiantes - Cidade Lugo | Galén Ensino - T. Mariña

## CADETE 2ª MASCULINO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Ribadeo – MGR Sarria | 87-41 |
| Sagrado – Design Sarria | 70-30 |
| CB Viveiro – Ensino Lugo | 43-37 |
| Est. Rojo – Est. Azul | Apr. |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| SAN CIPRIAN | 13 | 12 | 1 | 0 | 904 | 532 |
| C.B. RIA DE RIBADEO | 13 | 9 | 4 | 0 | 969 | 648 |
| ESTUDIANTES AZUL | 12 | 10 | 2 | 0 | 797 | 633 |
| C. B. VIVEIRO | 14 | 8 | 6 | 0 | 806 | 730 |
| ENSINO LUGO | 13 | 8 | 5 | 0 | 728 | 571 |
| MGR C. B. SARRIA | 14 | 5 | 9 | 0 | 738 | 796 |
| SAGRADO CORAZON | 14 | 3 | 11 | 0 | 631 | 890 |
| ESTUDIANTES ROJO | 12 | 4 | 8 | 0 | 660 | 706 |
| DESIGN C. B. SARRIA | 13 | 0 | 13 | 0 | 358 | 1085 |

### PRÓXIMA XORNADA

San Ciprián - Est. Azul | D. Sarria - MGR Sarria
Ensino Lugo - Sagrado | Est. Rojo - Ribadeo

## INFANTIL 1ª DIV. FEM. A-1

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Estudiantes – Allariz | 53-74 |
| Peleteiro – Carmelitas | 77-27 |
| Cortegada – Bosco | 47-61 |
| Giraldo – Celta | Apr. |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PELETEIRO | 7 | 7 | 0 | 0 | 502 | 273 |
| BOSCO | 7 | 6 | 1 | 0 | 473 | 310 |
| CELTA ZORKA | 6 | 5 | 1 | 0 | 413 | 294 |
| CB ALLARIZ | 7 | 3 | 4 | 0 | 437 | 406 |
| **ESTUDIANTES** | **7** | **3** | **4** | **0** | **406** | **435** |
| GIRALDO CBV | 6 | 2 | 4 | 0 | 296 | 365 |
| CORTEGADA | 7 | 1 | 6 | 0 | 352 | 468 |
| CARMELITAS | 7 | 0 | 7 | 0 | 188 | 516 |

### PRÓXIMA XORNADA

Celta - Estudiantes | Allariz - Cortegada
Carmelitas - Giraldo | Bosco - Peleteiro

## PREINFANTIL FEM. A-1

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Porto do Son – C. María | 49-57 |
| Estudiantes – Seis Nadal | 61-42 |
| BBCA – Celta | 33-61 |
| Carmelitas – Cortegada | 68-66 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CELTA ZORKA | 7 | 6 | 1 | 0 | 441 | 261 |
| **ESTUDIANTES** | **7** | **6** | **1** | **0** | **433** | **322** |
| BBCA CHAMORRO | 7 | 5 | 2 | 0 | 401 | 375 |
| CARMELITAS | 7 | 5 | 2 | 0 | 370 | 345 |
| CIA.MARIA VIGO | 7 | 4 | 3 | 0 | 316 | 345 |
| CORTEGADA | 7 | 2 | 5 | 0 | 380 | 395 |
| PORTO DO SON | 7 | 0 | 7 | 0 | 292 | 433 |
| SEIS DO NADAL | 7 | 0 | 7 | 0 | 278 | 435 |

### PRÓXIMA XORNADA

Carmelitas - Estudiantes | Seis Nadal - BBCA
Celta - Porto do Son | C. María - Cortegada

## MINI 1º DIV. FEMININO A-1

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| BBCA – Estudiantes | 82-51 |
| Rosalía – B. Coruña | 57-73 |
| Cluny 007 – Baxi Ferrol | 38-36 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BBCA DONIÑOS | 4 | 4 | 0 | 0 | 267 | 191 |
| BASQUET CORUÑA | 4 | 3 | 1 | 0 | 245 | 218 |
| BAXI FERROL | 4 | 1 | 3 | 0 | 180 | 163 |
| PIO XII ROSALIA | 4 | 1 | 3 | 0 | 180 | 215 |
| **ESTUDIANTES** | **3** | **1** | **2** | **0** | **155** | **178** |
| CLUNY 007 | 3 | 1 | 2 | 0 | 103 | 165 |

### PRÓXIMA XORNADA

B. Coruña - Cluny 007 | Baxi Ferrol - BBCA
Estudiantes - Rosalia

## MINIBASKET 2º FEMININO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Est. Celeste – CB Sarria | 21-52 |
| Cidade – CB Burela | 46-59 |
| Galén Ensino – Fingoi | Apr. |
| Franciscanos – CB Viveiro | Apr. |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| C.B.BURELA | 11 | 11 | 0 | 0 | 661 | 327 |
| C. B. SARRIA | 11 | 9 | 2 | 0 | 616 | 260 |
| CIDADE DE LUGO | 11 | 7 | 4 | 0 | 567 | 360 |
| FRANCISCANOS | 10 | 7 | 3 | 0 | 605 | 392 |
| C B VIVEIRO | 10 | 4 | 6 | 0 | 409 | 589 |
| EST. CELESTE | 11 | 2 | 9 | 0 | 372 | 578 |
| GALEN ENSINO | 10 | 2 | 8 | 0 | 210 | 502 |
| FINGOI | 10 | 0 | 10 | 0 | 164 | 596 |

### PRÓXIMA XORNADA

CB Burela - Fingoi | CB Sarria - Cidade
Galén Ensino - CB Viveiro | E. Celeste - Franciscanos

## JUNIOR 2º DIV. FEM. A-A

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Culleredo – B. Coruña | 33-40 |
| BBCA – Pontumio | 31-45 |
| Ribadeo – Los Rosales | 81-39 |
| Ensino Lugo – Artai | 61-63 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BASQUET CORUÑA | 9 | 9 | 0 | 0 | 620 | 378 |
| **C. B. RIA RIBADEO** | **9** | **8** | **1** | **0** | **525** | **439** |
| PONTUMIO | 9 | 5 | 4 | 0 | 508 | 495 |
| BBCA FRAGATA | 9 | 5 | 4 | 0 | 470 | 440 |
| KFC CULLE | 9 | 4 | 5 | 0 | 530 | 437 |
| ARTAI EBX | 9 | 4 | 5 | 0 | 518 | 492 |
